



APÚNTATE Á
COMPOSTAXE



RIBADEO

Requisitos de participación

- Pertencer ao termo municipal
- Dispor dun espazo de horta e/ou xardín no que colocar o composteiro en contacto coa terra
- Comprometerse a facer un uso responsable dos materiais aportados e facilitar o seguimento por parte dos técnicos especialistas na materia



Os veciños e veciñas interesados en participar no programa de compostaxe deben poñerse en contacto co **Concello de Ribadeo** e facilitar os seguintes datos:

- NOME E APELIDOS
- DNI
- TELÉFONO DE CONTACTO
- ENDEREZO
- SE A PERSOA ESTÁ EMPADROADA NO CONCELLO
- Nº DE PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR

Concello de Ribadeo
Praza España, 1, 27700 Ribadeo, Lugo
Teléfono: 982 12 86 50



APÚNTATE Á
COMPOSTAXE

Campaña de compostaxe doméstica para promover a reciclaxe de residuos orgánicos no Concello de Ribadeo



CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA PARA PROMOVER A RECICLAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS

Obxectivos da campaña de compostaxe

- 1) Fomentar a compostaxe destinada a vivendas unifamiliares e grandes xeradores (centros educativos, comercios, etc.).
- 2) Sensibilizar a necesidade de realizar unha correcta separación de residuos en orixe.
- 3) Mellorar a eficacia da recollida selectiva reducindo a porcentaxe de impropios.
- 4) Concienciar e implicar á veciñanza sobre o respecto polo medio ambiente e a xestión responsable dos residuos.

Que é a compostaxe?

A compostaxe é unha práctica tradicional que permite converter os biorresiduos nun produto fertilizante de alta calidade denominado compost.

Que depositar no composteiro?

Para obter un bo compost precísanse restos orgánicos o máis variados posible.

Pódese depositar

Restos da cociña:

Restos de froitas e verdura, carne e peixe, cascas de ovos e froitos secos, pousos de café, pan, arroces, pastas, etc.

Pequenos restos do xardín e da horta:

Follas, herba, restos de poda, restos da colleita da horta, serraduras de madeira natural, etc.

Non se pode depositar!

Cueiros desbotables, revistas ou papeis impresos a cor, cabichas, metais, vidro, varreduras da casa. etc.